

Guía do monumento

O traballo realizarase nunha cartolina tamaño A3, combinando texto feito a man, imaxes e elementos gráficos. Vaise valorar a presentación e a orixinalidade.

1. Título

Escrebe o nome do monumento escollido en letras grandes e atractivas, pola parte externa. Podes engadir un subtítulo orixinal tipo: “A catedral de Santiago. A xoia medieval de Galicia”.

2. Localización, cronoloxía e estilo artístico

Indica onde está situado o monumento (cidade, provincia, país). Podes engadir un mapa pequeno ou unha bandeira da comunidade autónoma.

Especifica cando foi construído (século ou ano aproximado) e indica o estilo arquitectónico (románico, gótico...). Podes usar unha liña do tempo con datas clave como inicio da construción e a súa finalización.

3. Descrición do monumento

Fai unha breve explicación sobre quen o mandou construír, para que servía e cales son os seus elementos máis importantes. Exemplo: A Catedral de Santiago de Compostela é un dos monumentos máis destacados do románico europeo. Foi iniciada no século XI.

4. Imaxes e partes sinaladas

Coloca 2 ou 3 imaxes do monumento (interiores ou exteriores) e sinala con frechas ou etiquetas as partes principais (torres, portadas, ábsides, claustro, bóveda de canón,...).

5. Estilo artístico

Explica brevemente o estilo arquitectónico: Románico (muros grosos, arcos de medio punto, pouca luz) ou Gótico (arcos apuntados, vidreiras, máis altura e luz).

6. Curiosidades ou datos interesantes

Podes incluír algún dato interesante sobre o monumento ou a cidade onde se atope.